



FEDERACIÓN GALEGA DE KARATE
E DISCIPLINAS ASOCIADAS



Xornada 2

11 de marzo de 2023
Polideportivo Municipal O Consello. Ribadavia

SUDMARIS
KARATE GALEGA
XUNTA DE GALICIA
DEPORTE GALEGO
FUJI MAE
cheffotto™
photo media resources for life



FEDERACIÓN GALEGA DE KARATE
E DISCIPLINAS ASOCIADAS



MODALIDADE DE KATA INDIVIDUAL:

Realizarase baixo o formato de eliminatoria directa con repesca. **Na competición da Liga Galega de Promoción, os competidores sairán en grupos de dous a realizar o seu kata, agás nas finais, nas que sairán de un en un.**

Os katas a realizar serán os seguintes:

BENXAMÍN:

- Realizarán kata da lista oficial de básicos. Poderán repetir kata, pero nunca o realizado na ronda anterior.

ALEVIN:

- O kata a realizar na primeira ronda será básico e non poderá volver a repetirse.
- No resto de encontros, realizarase kata da lista oficial de básicos.
- Poderase repetir un mesmo kata, pero nunca o realizado na ronda anterior.

INFANTIL:

- O kata a realizar na primeira ronda será básico e non poderá volver a repetirse.
- No resto de encontros, realizarase kata da lista oficial de básicos.
- Poderase repetir un mesmo kata, pero nunca o realizado na ronda anterior.
- Na final e nos encontros para medalla de bronce, realizarase un kata de libre elección da Lista Oficial Xuvenil/Infantil.

XUVENIL:

- Os katas a realizar serán da LISTA OFICIAL XUVENIL/INFANTIL. O kata da primeira ronda non poderá volver a repetirse.
- Poderase repetir un kata da lista oficial Xuvenil/Infantil, pero nunca o realizado na ronda anterior.
- Na final e nos encontros para a medalla de bronce, poderase realizar un kata da Lista Oficial, segundo a normas da Normativa de Competición de Kata da WKF/RFEK para as categorías superiores.

CADETE:

- Poderase realizar un kata da Lista Oficial, segundo a normas da Normativa de Competición de Kata da WKF/RFEK para as categorías superiores. O kata a realizar en cada ronda será diferente, NON SE PODERÁ REPETIR KATA.



FEDERACIÓN GALEGA DE KARATE
E DISCIPLINAS ASOCIADAS



SITUACIÓNS ESPECIAIS:

1. Ao tratarse dun campionato de promoción, permitirase que os deportistas do nivel iniciación, que debido ao seu pouco tempo de práctica, só coñezan **Taikioku Shodan ou Pinan/Heian Shodan**, poidan repetilo en todas as rondas de competición.
2. Comandos acústicos nas categorías pre-benxamín e benxamín iniciación: permitirase a dirección dos deportistas destas categorías mediante comandos acústicos. No caso de necesitar esta axuda por parte do seu coach, será considerado como unha falta leve.

MODALIDADE DE KUMITE INDIVIDUAL:

O formato de competición dependerá do número de deportistas participantes en cada categoría:

- Pool única: ata 4 competidores.
- Eliminatoria directa con repesca: a partir de 5 competidores.

Critérios para a clasificación no formato de competición round-robin:

1. Encontros gañados (todos os encontros deberán rematar cun gañador, non haberá a posibilidade de hikiwake).
2. Maior número de puntos marcados a favor.
3. Menor número de puntos recibidos en contra.
4. Combate de desempate.

Ademais, teranse en conta as seguintes situacións especiais nos combates de liga:

- **KIKEN:** Anúlense todos os encontros dese competidor, excepto cando o abandono se produce no último encontro da liga. Nese caso, consérvanse os resultados dos anteriores encontros. No último encontro, concédese a vitoria ao gañador e contabilízanse os puntos que indique o marcador antes do kiken.
- **HANSOKU:** Rexístrase a vitoria para o competidor que corresponda, contabilizándose un resultado de 4-0 ao seu favor, excepto cando gañador sume unha cifra maior de puntos, nese caso contabilizarase a puntuación que teña obtido. O deportista descalificado non suma puntos.
- **SHIKKAKU:** Anúlense todos os encontros do competidor que recibe o shikkaku.

IMPORTANTE: Os resultados parciais non serán contemplados en caso de empate a vitorias.



FEDERACIÓN GALEGA DE KARATE
E DISCIPLINAS ASOCIADAS



REVISIÓN DE VÍDEO:

Só estará dispoñible nas categorías do nivel avanzado. Poderá solicitarse en todos os combates ata que se perda a tarxeta. No formato de competición de eliminatoria directa, a tarxeta recuperarase nos encontros de medalla (bronces e final)

HORARIOS DE COMPETICIÓN:

Dispoñibles en www.karatescoring.com, son estimados polo que poderán variar en función do desenvolvemento da competición. En previsión de posibles adiantos sobre o horario previsto, todos os deportistas deberán estar na área de competición cun mínimo de 30 minutos de antelación, sobre a hora de inicio prevista da súa categoría.

CERIMONIA DE ENTREGA DE MEDALLAS:

Lémbrese que, na zona delimitada para o podium, tan só poderá estar presente unha persoa por club para sacar fotografías. Deberá levar de xeito visible a acreditación que se lle entregará a cada responsable ao inicio da competición. A acreditación non é nominal, polo que poderá ser empregada por calquera persoa autorizada polo club, quen se responsabilizará de non haxa máis dunha persoa tomando fotografías. Non se permitirá a presenza de pais, acompañantes ou doutros deportistas.